



CÓDIGO ÉTICO

REAL CLUB DEPORTIVO

Data de publicación

22 de xullo de 2015 (1ª edición)

Data de modificación

22 de abril de 2019 (2ª edición)



A Coruña, 22 de xullo de 2015

O Real Club Deportivo Da coruña é un club centenario. Nace en 1906 baixo a iniciativa dun grupo de entusiastas coruñeses que buscaban no fútbol un punto de encontro para o entretemento, a diversión e a sa competencia deportiva. Se ben os tempos mudaron, e moito, tamén é certo que grande parte deses valores fundacionais do noso club aínda seguen vixentes.

O Real Club Deportivo converteuse co paso do tempo nun sentimento, nunha paixón que une e engloba afeccionados de todo o mundo. Deportivistas orgullosos da nosa forma de ser, da nosa idiosincrasia como Club, da nosa galeguidade, e por suposto da nosa representación do fútbol español alá onde imos.

Todo isto obriga a todos os que formamos parte deste Club: traballadores, directivos, xogadores e corpos técnicos, membros do consello de administración e a calquera colaborador, a actuar cos máis altos niveis de integridade, rigor e ética.


Esta forma de ser e de actuar, estes valores, trasladámola como cultura organizacional desde calquera equipo de fútbol base até o primeiro equipo profesional, e desde o primeiro traballador até o presidente.

Cremos nestes valores e practicámoslos e aplicámoslos en todas as actividades que desenvolve o noso Club. Esta aplicación e o seu éxito depende sen dúbida do noso comportamento como profesionais, tanto en actuacións grupais ou colexiadas como en actuacións e accións individuais. Así todos somos participes e responsables de facer da integridade unha parte esencial do noso día a día. Todos debemos comprender e aplicar os nosos valores. E así desta forma faremos do Dépor unha entidade universal, fiable, rigorosa, ética e integra.

Espero que a lectura deste código ético achegue unha maior comprensión da responsabilidade individual de todos no cumprimento das normas e protocolos referentes á nosa actividade.

Conseguimos superar momentos difíciles na nosa historia e foi grazas á firme convicción de representar algo máis que un Club de fútbol. E isto obríganos a velar permanentemente pola reputación do noso Club, pola reputación e a imaxe incualificable do noso Deportivo.

Somos o Real Club Deportivo, somos historia, somos unha cidade e as súas xentes, somos sentimento, somos unha afección universal.



Constantino Fernández Pico
Presidente

Real Club Deportivo de La Coruña SAD



ÍNDICE

1. Introducción

1.1 Obxecto

1.2 Principios xerais

A. Integridad e ética

B. Tolerancia 0 coa violencia, discriminación, acoso, racismo, xenofobia ou intolerancia no deporte

C. Tolerancia 0 con calquera modalidade de corrupción

D. Xogo limpo

E. Responsabilidade social

2. Ámbito de aplicación

3. Conflictos de intereses

4. Contra o suborno

5. Suborno e corrupción

6. Contra o acoso

7. Seguridade no traballo

8. Respecto polo medio ambiente

9. Protección de datos e uso de medios informáticos

10. Canle ética

11. Publicidade do Código



1. INTRODUCCIÓN

O Código ético e prácticas responsables do Real Club Deportivo, en diante “Código” foi aprobado polo Consello de Administración do Real Club Deportivo de La Coruña S.A.D., en diante “RCD”, con data 22 de xullo de 2015. Introduce e expón o conxunto de normas de actuación e os principios xerais de bo goberno e conduta do noso Club, que deben ser observados polo Real Club Deportivo no desempeño das súas responsabilidades profesionais, concretamente de aplicación a todas as persoas vinculadas a este.

1. 1. OBXECTO

Nós, o Real Club Deportivo de La Coruña S.A.D., temos como obxectivo principal xerar confianza respecto do noso Club e velar pola súa boa imaxe, así como preservar os valores que o noso deporte representa, procurando en todo momento un comportamento profesional no desenvolvemento das actividades de todos e cada un dos membros da entidade (empregados, conselleiros, provedores). O presente Código ten a súa razón de ser nos principios que no Código se definen e que axudan o noso Club, non só a desenvolverse na súa actividade principal: a participación en competicións deportivas nacionais e internacionais de fútbol, senón tamén nas boas practicas empresariais. Estes principios indícanos que en todas as actividades que realizamos, participaremos con integridade, ética, transparencia e xogo limpo.

É por iso, que todas as persoas vinculadas ao Club deberán ler, coñecer, respectar e subscribir o presente Código Ético declarando a súa expresa renuncia a levar a cabo calquera tipo de actividade que puidese ser contraria a estes principios, así como evitar métodos e prácticas ilegais, inmorais ou contrarios aos principios éticos ou poidan embazar ou prexudicar a imaxe do Club.

1. 2. PRINCIPIOS XERAIS

O noso compromiso e cultura deportiva baséase nos seguintes principios reitores:

A. INTEGRIDADE E ÉTICA

Declaramos expresamente que o día a día do Club, e todo o relacionado coas súas actividades, se desenvolverá sempre seguindo os máis estritos estándares de ética e coa máxima integridade acorde cos nosos core values. Deste xeito, todas aquelas persoas que teñan relación co Club, sexa esta laboral ou non, sexan Deportistas Profesionais ou non, están obrigadas a desenvolver as súas actividades seguindo os máis elevados estándares éticos, sendo honestos e inspirando confianza, cun comportamento coherente e inquebrantable, velando en todo momento pola boa reputación do Club. Isto quere dicir que actuaremos co máximo respecto a todas as normas, políticas e procedementos, buscando sempre o seu cumprimento.

Integridade relacional cos accionistas, socios e afeccionados: Actuamos baixo o prisma da profesionalidade, honestidade, transparencia, consideración e respecto. Co obxectivo de achegar valor e confianza mutua, o RCD comprométese a unha revisión continua dos seus protocolos e procesos para ofrecer o mellor servizo e atención posible a todos os seus accionistas, socios e afeccionados.

Integridade relacional cos empregados: o RCD promove e aplica os estándares universais dos dereitos humanos e laborais. Garante a seguridade e saúde no traballo. O obxectivo é fomentar as mellores practicas tanto no estilo de xestión e cultura organizativa, como no desenvolvemento persoal e profesional.

Integridade relacional cos provedores: o RCD relaciónase cos seus provedores de xeito ético, honesto e transparente. Garante a obxectividade nos criterios de selección ademais de compartir os principios reitores do presente Código.



B. TOLERANCIA O COA VIOLENCIA, DISCRIMINACIÓN, ACOSO, RACISMO, XENOFOBIA OU INTOLERANCIA NO DEPORTE

O deporte é unha actividade desenvolvida por persoas libres, nunha sociedade aberta e plural, que se basea no respecto, a diversidade e a igualdade entre as persoas. Ademais, é un factor de integración intercultural. Por iso, manifestamos a radical incompatibilidade entre deporte e violencia, incluída a verbal ou calquera manifestación desta. Non toleraremos manifestación ningunha de violencia, sexa esta física ou verbal, ou por razón de raza, etnia, relixión, sexo, orientación sexual, idioma, aparencia física ou opinións políticas. Condenamos toda conduta de acoso e abuso, moral ou sexual, físico ou verbal. Para o RCD son inaceptables manifestacións de intolerancia de calquera natureza, berro ou cántico que insulte ou vexa as persoas, clubs e institucións. Damos máxima prioridade á seguridade persoal e ao benestar de todos os grupos de interese relacionados co Club e coa súa actividade principal.

C. TOLERANCIA O CON CALQUERA MODALIDADE DE CORRUPCIÓN

Expresamos o noso máis absoluto rexeitamento a calquera modalidade de corrupción. Entendendo por corrupción: amaños de partidos, apostas ilegais, subornos, conflitos de intereses ou calquera outro beneficio que supoña un comportamento deshonesto. A corrupción altera a natureza e esencia do noso deporte, danando a imaxe deste e provocando un grande rexeitamento na Sociedade, ademais de xerar desconfianza e desarraigamento dos afeccionados cara ao deporte. Por iso, é a nosa máis firme convicción deixar en fóra de xogo estas condutas, perseguindo erradicadas do ámbito do deporte e concretamente do mundo do fútbol.

D. XOGO LIMPO

Inspirámonos nos valores do Fair Play. Tradúcese nun xogo xusto e limpo en todos os seus aspectos e manifestacións, nun comportamento leal, sincero, correcto e respectuoso no desenvolvemento de actividades deportivas, con especial respecto á normativa deportiva e a todas as persoas que neste ámbito desenvolven as súas funcións (deportistas, adestradores, dirixentes, árbitros, afeccionados, institucións, etc). O RCD promove, estimula e honra os valores do fútbol e do deporte dentro e fóra das canchas.

E. RESPONSABILIDADE SOCIAL

O mundo do fútbol é unha parte integral da sociedade tendo un impacto directo no seu ámbito e na comunidade onde opera, influenciando no desenvolvemento social e educativo. A política de Responsabilidade Social do RCD ten como misión principal a educación, a acción social, a integración e a solidariedade que afectan todos os seus stakeholders tanto directos (empregados, accionistas, socios, afeccionados...) como indirectos (sociedade, comunidade, institucións, ONGs...), desenvolvendo e apoiando proxectos que transformen e inspiren os valores que o Club representa así como en beneficio de todos os seus grupos de interese.



2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente Código é de obrigado cumprimento para todas aquelas persoas que garden relación co Club, xa sexa esta laboral, independentemente da función e cargo que desempeñe (xogadores, persoal técnico, médico, empregados, alta dirección), ou ostenten representatividade corporativa (Consello de Administración, Comisións,...), sendo extensivo a toda persoa física ou xurídica relacionada co RCD (provedores, patrocinadores, intermediarios, axentes, representantes...). Está especialmente dirixido a procurar un comportamento profesional, ético e responsable así como preservar a integridade e reputación do Club.

Para iso o RCD, facilitará o coñecemento da cultura deportiva e organizativa do Club baseada nos principios reitores da declaración dos dereitos humanos, o cumprimento da legalidade aplicable e do presente Código ético.

Toda persoa vinculada co Club anteriormente descrita, deberán asumir por escrito unha declaración de compromiso na que certifica ter lido e comprendido este e o seu compromiso de adherirse ao establecido neste. Prevense sancións disciplinarias ante calquera incumprimento do previsto neste Código, as cales están recollidas no Código Disciplinario do Club.

3. CONFLICTOS DE INTERESES

A diario tratamos con persoas ou sociedades que manteñen relacións comerciais co Club (provedores, clientes, terceiros). É importante que calquera das decisións que tomemos estea motivada polo interese do Club e non por intereses ou relacións persoais.

Un conflito de intereses pode xurdir se as persoas relacionadas co Club teñen, ou dan a impresión de ter, intereses privados ou persoais que prexudiquen o cumprimento das súas obrigas de xeito independente e íntegro. Enténdese por intereses privados ou persoais todo posible acordo que redunde en beneficio propio, de parentes, amigos ou coñecidos.

A maioría dos conflitos de intereses poden evitarse por completo ou solucionarse se se comunican debidamente ao Club. Se tes dúbidas sobre algunha actividade que puidese xerar un conflito de intereses, acode ao Responsable do Cumprimento Normativo

No caso dos directivos e altos cargos do Club, subministrarán información relativa á existencia de relacións contractuais, comerciais ou familiares con provedores ou entidades que teñan vínculos comerciais ou profesionais co Club. Así mesmo, os directivos e altos cargos que desempeñen na súa actividade privada funcións noutras sociedades, deberán notificalo ao Club.

4. CONTRA O SUBORNO

No Real Club Deportivo de La Coruña S.A.D. mostramos o noso firme e profundo rexeitamento e repulsa cara a calquera modalidade de suborno.

Por esta razón, só aceptaremos obsequios ou outros beneficios de persoas do Club ou terceiros, ou en relación con intermediarios, sempre que:



- a, teñan un valor simbólico ou irrelevante
- b. non leven consigo ningún tipo de influencia sobre as nosas actividades oficiais ou o seu ámbito
- c. non contraveñan as nosas obrigas
- d. non deriven beneficios económicos indebidos ou doutra índole
- e. non causen un conflito de intereses

Está prohibida a aceptación de calquera obsequio ou beneficio que non cumpra os anteriores criterios. En contadas ocasións, poderán establecerse excepcións para as cales será necesario seguir con carácter previo o procedemento establecido no Protocolo Anticorrupción do Club.

En caso de dúbida, non se ofrecerán nin se aceptarán obsequios.

En ningún caso ofreceremos ou non aceptaremos de ningunha persoa do Club ou alleo, ningunha cantidade de diñeiro en efectivo ou en forma equivalente a este.

Non poderemos ser reembolsados polo Club polos custos de familiares ou asociados que nos acompañen a eventos oficiais, salvo que o permita expresamente o Club.

Tales permisos deberán facerse por escrito.

Absterémonos de comportamentos ou actividades que puidesen interpretarse como unha conduta inapropiada ou puidesen espertar sospeitas diso, tal como se describe nos anteriores apartados.

O suborno pode adoptar múltiples formas, ademais de diñeiro en efectivo e obsequios. Entre elas:

- a. Pagamento de comisións non xustificadas
- b. Comisións ilegais ou excesivas
- c. Descontos inxustificadas
- d. Doazóns non xustificadas (partidos políticos, entidades que non sexan ONG)
- e. Ofrecementos ou promesas de postos de traballo

Estas prohibicións aplícanse a todas as persoas vinculadas ao Club e a todas aquelas persoas ou entidades coas que se relacione o Club, xa sexan, provedores, representantes, axentes, intermediarios, colaboradores, etc.

5. SUBORNO E CORRUPCIÓN

Non participaremos, directa ou indirectamente, en ningunha clase de actividade relacionada con amaños de partidos, nin apostas ilegais, relacionados co fútbol, nin con calquera outro ámbito social. Tampouco teremos relación algunha, activa ou pasivamente, con compañías, empresas nin organizacións de ningunha clase que promovan, concerten, organicen ou dirixan ditas actividades ou calquera outras transaccións, de análoga natureza, ilícitas ou contrarias ao presente Código Ético.



Neste sentido

1. Non realizaremos, nós mesmos ou por persoa interposta, apostas sobre un partido que afecte o Club.
2. Non realizaremos apostas sobre un partido correspondente a unha competición na que o Club participe. Isto inclúe competicións nas que o Club teña previsto xogar pero que non se iniciaron e competicións nas que o Club fose eliminado.
3. Non solicitaremos ou instruiremos a un terceiro para que realice unha aposta en caso de posuír información privilexiada en relación con:
 - O resultado dun partido da propia competición.
 - Calquera circunstancia dentro do curso dun partido/ s (número de tarxetas, saques de esquinas...).
 - Calquera outro feito ou circunstancia da que se teña noticia previa que afecte o noso Club ou a calquera outro Club que participe na mesma competición.

O Club está profundamente comprometido coa integridade e o xogo limpo en todas as súas acepcións, incluíndo a integridade financeira. Para iso, introduciuse nas normas internas do noso Club un estrito protocolo de controis de caixa destinado a evitar saídas irregulares de caixa que poidan ser destinadas ao amaño de partidos ou ofrecemento de subornos a terceiros.

Absterémonos de comportamentos ou actividades que puidesen interpretarse como unha conduta inapropiada ou puidese espertar sospeitas diso, tal como se describe nos anteriores apartados.

6. CONTRA O ACOSO

O Real Club Deportivo Da coruña S.A.D. valora a ampla e enriquecedora diversidade de todas as persoas a el vinculadas. Cremos que a diversidade contribúe de xeito moi positivo ao éxito do noso Club. Con diversidade referímonos a diferenzas de sexo, raza, idade, relixión, opinións políticas, etnia, idioma, orientación sexual, aparencia física, poder adquisitivo ou nivel educativo. Por iso, queda expresamente prohibida calquera tipo de discriminación por estes motivos ou por calquera outros.

Do mesmo modo, é a intención e o deber do Club proporcionar un ambiente de traballo libre de calquera clase ou modalidade de acoso, xa sexa este laboral, sexual, psicolóxico, físico ou moral. Xa sexa este cometido en persoa ou por calquera outra vía. Estas previsións recóllense máis detalladamente no Protocolo contra o Acoso e a Discriminación do Club.

Deste xeito, non atentaremos contra a dignidade ou integridade dun país, dunha persoa ou dun grupo de persoas con palabras despectivas ou con accións denigrantes, polos motivos anteriormente expostos ou por calquera outro.

1. Respectaremos a integridade de todo individuo, é dicir, o respecto, a protección e a salvagarda dos dereitos persoais de cada persoa coa que teñamos trato, directo ou indirecto.
2. Está prohibido o acoso moral que definimos como unha serie de agresións sistemáticas e reiteradas dirixidas ao longo dun período considerable contra unha persoa, e destinado a illar ou excluír a devandita persoa, polo que a súa dignidade resulta afectada.



3. Está prohibido o acoso sexual que definimos como un comportamento sexual improcedente non requirido ou ao que non se dese pé. Prohíbense, en particular, as ameazas, as promesas de beneficios e a coerción con fins sexuais.

7. SEGURIDADE NO TRABALLO

O Club está firmemente convencido de que temos que proporcionar a todas as persoas a el vinculadas un lugar de traballo seguro e acorde coa lexislación de prevención de riscos laborais. Por iso, proporcionamos un lugar de traballo seguro, saudable e adaptado a todas as nosas persoas vinculadas, dependendo do seu posto dentro do Club.

No mesmo sentido, prohibimos expresamente acudir ao lugar de traballo baixo a influencia de calquera tipo de droga ou substancia tóxica, psicotrópica ou estupefaciente, así como o alcohol mentres se estea a desempeñar as funcións encomendadas.

Tampouco portaremos armas ou dispositivos potencialmente perigosos, a non ser que o requira o desenvolvemento da nosa actividade profesional.

Indicaremos aos nosos compañeiros que están a realizar unha actividade non segura en caso de ser así. Estas consideracións recóllense máis detalladamente no Protocolo de Contratación Laboral xa implantado.

8. RESPECTO POLO MEDIO AMBIENTE

O Real Club Deportivo Da coruña S.A.D. está firmemente comprometido co respecto ao medio ambiente e aos ámbitos naturais. O RCD comprométese a minimizar o impacto ambiental que as súas actividades produzan sobre o medio. Ademais, tendo en conta o ámbito privilexiado no que se encontran varias das instalacións do noso Club, desenvolvemos e promovemos políticas ambientais dirixidas a evitar que se produzan emisións ou verteduras de calquera clase ou natureza, así como desenvolvendo medidas para reducir a pegada de carbono. Operamos de forma responsable a nivel ambiental implementar prácticas eficientes e preservando recursos.

O RCD desenvolverá actividades e proxectos que promovan a sostibilidade así como a política ambiental do Club para xerar valor no ámbito e en todos os grupos de interese.

9. PROTECCIÓN DE DATOS E USO DE MEDIOS INFORMÁTICOS

O Real Club Deportivo de La Coruña, S.A.D. ten a obriga de protexer os datos, a información e o coñecemento xerado por todas as persoas vinculadas co Club.

Protexeranse dunha forma absoluta os datos persoais de todos os seus membros en cumprimento da normativa aplicable. Respecto ao uso de medios informáticos, o Club respectará o contido destes sempre e cando non existan irregularidades cometidas a través do uso deste, límite que será regulado no correspondente Protocolo de conduta.

Todo o persoal vinculado directamente co RCD se absterá de utilizar en beneficio propio calquera tipo de información ou documentos obtidos no exercicio das súas tarefas ou funcións, mantendo unha absoluta confidencialidade sobre estes. En caso de filtracións aplicaranse as sancións e medidas correctivas necesarias segundo a gravidade. A información só poderá ser utilizada para a finalidade da actividade pola que foi obtida. É polo tanto unha obriga de calquera membro do RCD comunicar á área correspondente calquera tipo de incidencia referente ao tratamento de datos e confidencialidade da información.



Unha vez finalizada a relación contractual que vincula o persoal (directo ou indirecto) co Club, ten a obriga de devolver calquera material, independentemente do soporte, que teña relación co RCD.

Os empregados deberán cumprir as normas establecidas para velar polo bo tratamento dos datos e da información segundo marca a Lei e o Código.

Con iso preténdese protexer o ámbito persoal de todos sempre e cando non se infrinxan determinados principios que signifiquen a violación do espírito do Código Ético.

10. CANLE ÉTICA

No Club mostramos o noso rexeitamento absoluto a aqueles actos ou actividades que poidan danar a imaxe do Club. Por iso, para evitar as devanditas situacións, impóñense unha serie de regras e pautas de actuación con respecto ao procedemento para facernos chegar e resolver denuncias de incumprimentos ou posibles incumprimentos deste Código de conduta e os Protocolos que o acompañan, coa finalidade de pór fin aos mesmos de forma inmediata.

A. Se observamos ou sospeitamos a existencia dunha conduta inapropiada ou contraria ao exposto neste Código, temos a obriga de notificalo ao Responsable do Cumprimento Normativo. En caso de dúbida, farémonos as seguintes preguntas:

- A acción é conforme con este Código?
- A acción é conforme cos principios fundamentais do Club?
- A acción é conforme cos Protocolos implantados?
- Sentiríame cómodo se a devandita decisión ou acción fose pública?
- Gustaríame que me sucedese a min?
- A miña familia, compañeiros, colaboradores e afección aprobarían esas accións?

En caso de que algunha das respostas sexan negativas, expresaremos a nosa opinión ao Club proporcionando a información necesaria para evitar ou emendar unha situación prexudicial para este. O feito de non informar podería ter consecuencias negativas para o Club ou as persoas afectadas, de tipo económico, de imaxe, lesións físicas ou despedimentos ou accións legais.

Actuaremos correctamente sempre que informemos cando algo nos preocupe ou incomode, falando co Responsable do Cumprimento Normativo.

B. O Club non tolerará represalias de ningún tipo contra as persoas que expresen unha preocupación ou informen de boa fe dunha irregularidade de tipo ético ou contra a normativa aplicable. Levaremos a cabo todas as accións posibles para garantir a confidencialidade de todas as opinións expresadas e os informes recibidos. Entendemos como represalia: despedimento laboral, redución de soldo, redución de categoría, asignación de tarefas desagradables e a ameaza de danos físicos ou psicolóxicos.

Os informes presentados serán tratados coa maior seriedade e resolto coa maior prontitude, investigaremos exhaustivamente cada alegación de represalia e aplicaranse medidas disciplinarias aos responsables destas en caso de ser probadas, de conformidade ao establecido tanto no Convenio Colectivo que resulte de aplicación, como no Código Disciplinario Toda a información proporcionada será tratada de forma confidencial.



11. PUBLICIDADE DO CÓDIGO

Para os efectos de asegurar a confidencialidade e axudar no descubrimento de posibles infraccións, ponse a disposición de todas as persoas vinculadas co Club, a dirección de correo electrónico: canal.etico@rcdeportivo.es. Así mesmo, poderán dirixirse ao Responsable do Cumprimento Normativo quen ten a obriga de actuar co máis alto nivel de confidencialidade en relación ás queixas recibidas.

O Club implantou un Protocolo de Canle Ética onde se detalla o procedemento a seguir e os principios que o rexen e que se fará chegar a todos os empregados e membros do RCD xunto co presente Código. Poden obter unha copia do Protocolo a través do Responsable do Cumprimento da Normativo ou na Páxina web do Club: www.canaldeportivo.com

OUTROS COMPROMISOS GLOBAIS ASUMIDOS VOLUNTARIAMENTE COMO PROPIOS

- Os dez principios do Pacto Mundial de Nacións Unidas baseados nas declaracións e conveccións universais aplicadas en catro áreas: Dereitos Humanos, Medio, Estándares Laborais e Corrupción.
- Os principios que emanan tanto da Declaración Universal de Dereitos Humanos como da Organización Internacional do Traballo.



REAL CLUB DEPORTIVO



Praza de Pontevedra, 19 1°
15003 A Coruña
981 259 500
canal.etico@rcdeportivo.es
canaldeportivo.com